

## INTRODUCCIÓN INNOVA SAÚDE

InnovaSaúde é un plan de innovación sanitaria centrado no desenvolvemento de solucións avanzadas para necesidades asistenciais actuais e futuras. Activado a través dun proceso de compra pública innovadora cofinanciado con fondos FEDER, finalizou en 2015 co resultado de 14 proxectos.



**45** MILLÓNS  
DE EUROS  
de orzamento  
total



**14** PROXECTOS  
transformadores



**>200** CONTRATOS  
con empresas



**21**  
contratos  
vía CPI



**>200**  
profesionais do  
sistema de saúde  
participando

Retos. Os retos asociados a InnovaSaúde estrutúranse ao redor de tres grandes eixos:

**1.Asistencia sanitaria centrada no paciente:** desenvolvemento de novas ferramentas deslocalizadas (teleasistencia, telemonitorización, portais web 2.0 para pacientes, etc.) que axuden a evitar os episodios de agudización das enfermidades crónicas. Desta forma, redúcese a necesidade de servizos baseados na hospitalización e ao mesmo tempo auméntase a comunicación e a accesibilidade cara aos pacientes.

**2.Atención sanitaria segura e áxil:** desenvolvemento de novas solucións tecnolóxicas para minimizar as posibilidades de erro humano por parte dos profesionais, incrementando así a seguridade do paciente.

**3.Atención sanitaria intelixente:** cambio de estrutura dos servizos asistenciais para mellorar a eficiencia á hora de satisfacer as necesidades dos pacientes, asegurando unha excelente prestación de servizos da máxima calidade.